



Mapa de Provedores de Servizos de Deseño

**Instrucións de cumplimentación do
rexistro**

Alta de usuario

Para darse de alta no portal como proveedor de deseño o usuario deberá cumprimentar o formulario de rexistro ao que pode acceder dende a opción “Accede” situada á dereita no menú principal.



Todos os datos son obligatorios e amósanse na imaxe

Unha vez finalizado o rexistro deberá premer en “Crear nova conta” e automaticamente accederá ao seu perfil privado onde poderá ver os seus datos e continuar co proceso de rexisto introducindo os seus datos.

Novo Rexistro

Para novos usuarios

Nome ou razón social da empresa/Entidade*	NIF/NIE*	Tlf de contacto*
Domicilio*	Poboación*	Seleccione provincia* ▼
CP*	Correo electrónico*	Confirmar correo electrónico*
Contrasinal*	Confirmar o contrasinal*	

Os contrasinais coinciden:

Fortaleza do contrasinal:

Termos e Condicións de Uso

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento:	Axencia Galega de Innovación (GAIN).
Finalidades do tratamento:	Xestionar e difundir as actividades realizadas polos e as profesionais do deseño en Galicia e obter estatísticas sobre a devandita actividade
Lexitimación para o tratamento:	Cumprimento dunha misión de interese público.
Destinatarios dos datos:	Non se prevén cesións.
Exercicio de dereitos:	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos a través da sede electrónica de la Xunta de Galicia ou presencialmente ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo recóllese en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado/a de protección de datos e máis información:	https://xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

☐ Acepto Termos e Condicións de uso

14 + 6 =

Resolve este sinxelo problema matemático e introduza o resultado. Por exemplo para 1+3, introduza 4.

Crear nova conta

Os datos que se recollen no formulario de alta (Rexistro) son:

- Razón social
- Enderezo
- CP
- Poboación
- Provincia
- NIF/NIE
- Teléfono de contacto:
- Correo electrónico:
- Confirmar correo electrónico:
- Contraseña:
- Confirmar contraseña:
- Aceptación de Termos e condicións de uso
- CAPTCHA: sinxela operación matemática que debe resolverse como medida de seguridade.



No seu perfil privado dispón de dúas pestanas:

- **Ver:** aquí poderá navegar polos seus datos e visualizar a súa ficha e as dos seus proxectos tal e como serán vistas polo resto dos usuarios una vez publicadas
- **Editar:** nesta pestana poderá continuar co proceso de rexistro introducindo a súa información

Ademáis, pode acceder no menú ás opcións:

- **A miña conta,** que lle permitirá acceder en calquera momento á páxina principal do seu espazo privado
- **Pechar sesión,** para pechar o seu espazo privado e volver ao Mapa de Provedores de Servizos de Deseño

Mapa do portal Accesibilidade Contacte Galego Castellano

Mapa de Provedores de Servizos de Deseño gain

XUNTA DE GALICIA

Inicio O Mapa Buscador de servizos A miña conta Cerrar sesión

Ver Editar

Aída Finisterre
A Coruña
15009
123456789
testz@test.com

Deseñador/a de proba

Tipo de organización: Freelance
Anos de experiencia profesional: 2 ou menos
Idiomas de comunicación: Galego
Esta é a descrición da compañía

- Identidade Corporativa
- Marca-Branding
- Imaxe gráfica (cartele)

Mockup


Leaves FRAME Floral FRAME Golden FRAME

Golden FRAME Vintage FRAME Leaves FRAME

Xacobeo 2021 XUNTA DE GALICIA gain

Unha vez finalizado o rexistro deberá premer en Novo rexistro e automaticamente accederá ao seu perfil privado onde poderá continuar coa introdución dos datos da súa ficha. Estes datos están divididos en 4 bloques que se despregarán ao picar sobre o seu nome:

- **Rexistro:** este bloque contén os datos de registro, que a excepción do NIF/ NIE, poderá modificar en calquera momento.
- **Datos xerais:** este bloque contén os datos xerais da súa empresa/entidade, a maioría precubiertos coa información do rexistro. Estes datos amosarase na parte pública polo que serán os que verán o resto dos usuarios/as. Recomendámoslle que os revise e manteña actualizados.
- **Información da empresa:** este bloque contén os datos relativos á súa actividade profesional. Esta información será tratada de maneira confidencial e agrupada de forma anónima para a súa análise a efectos de realización de estudos do sector
- **Información comercial:** Neste bloque se engade información comercial da empresa como a descripción, os servizos que ofrece e os proxectos realizados.



!! *Lembre que os datos marcados cun asterisco (*) son de obrigada cumprimentación*



Bloque Rexistro

Neste espazo poderá actualizar os seus datos de rexistro, a excepción do NIF/NIE e modificar o seu contrasinal.

Unha vez actualizada a información deberá premer en “Gardar e enviar” para gardar os cambios



Mapa do portal Accesibilidade Contáctenos Galego Castellano

 XUNTA DE GALICIA

Inicio O Mapa Buscador de servizos

A miña conta Cerrar sesión

Ver Editar

Rexistro

Contrasinal actual

Obrigatorio se quere cambiar o seu Enderezo de correo electrónico ou Contrasinal. Resetea o seu contrasinal.

Enderezo de correo electrónico *

Un enderezo de correo electrónico válido. Todos os emails do sistema serán enviados a este enderezo. O enderezo de correo electrónico non é feito público e só será utilizado se desexa recibir un contrasinal novo ou noticias ou notificacións por email.

Contrasinal

Fortaleza do contrasinal:

Confirmar o contrasinal

Os contrasinais coinciden:

Nome ou razón social da empresa / Entidade *

Enderezo social *

Poboación *

CP *

Provincia *

Teléfono de contacto *

✓ Gardar e enviar

Datos xerais

Información da empresa

Información comercial

 Xacobeo 2021

 XUNTA DE GALICIA

 gain

Bloque Datos Xerais

Atopará este bloque prácticamente precuberto cos datos do formulario de rexistro, aínda que poderá modificar o que considere.

A maiores, solicítaselle a seguinte información:

- Idioma de comunicación (obrigatorio)
- Web (opcional)
- Redes sociais (opcionais)
 - Facebook
 - Twitter
 - LinkedIn
 - Instagram
 - Pinterest
 - Youtube

!! *Lembre que estes datos aparecerán na parte pública e serán vistos polo resto de usuarios/as*

The screenshot shows the 'Datos Xerais' (General Data) section of a registration form on the Xunta de Galicia website. The form is titled 'Rexistro' and includes a navigation bar with 'Inicio', 'O Mapa', and 'Buscador de servizos'. The 'Datos Xerais' section contains the following fields:

- Nome Comercial da Empresa:** 'Desafadorá de probe'
- Enderezo comercial:** 'Avenida Pintarres'
- CP:** '15009'
- Poboación:** 'A Coruña'
- Provincia:** 'A Coruña' (dropdown menu)
- Teléfono:** '123456789'
- Correo electrónico:** 'testa@test.com'
- Idiomas de comunicación:** 'Galego' (dropdown menu)
- Web:** (empty field)
- Facebook:** (empty field)
- Twitter:** (empty field)
- LinkedIn:** (empty field)
- Instagram:** (empty field)
- Pinterest:** (empty field)
- Youtube:** (empty field)

At the bottom of the form is a green button labeled '✓ Gardar e enviar'. Below the form, there are sections for 'Información de empresa' and 'Información comercial'. The footer includes the 'Xacobeo 2021' logo, the 'XUNTA DE GALICIA' logo, and the 'gain' logo.

Bloque Información da empresa

A información solicitada neste bloque está asociada á súa actividade profesional e **será tratada de maneira confidencial** e agrupada de forma anónima para a súa análise a efectos de realización de estudos do sector.

A cumprimentación deste bloque será rápida xa que poñemos á súa disposición despregables e outras ferramentas que facilitan a introdución dos datos.

!! Debe subir ao servidor copia do documento acreditativo de estar dado de alta no IAE ou certificado tributario

Mapa do portal | Accesibilidade | Contacto | Galego | Castellano

Mapa de Proveedores de Servizos de Deseño | gain

XUNTA DE GALICIA

Inicio | O Mapa | Buscador de servizos | A miña conta | Cerrar sesión

Ver | Editar

Registro

Datos xerais

Información da empresa

Por favor, cumprimenta os seguintes datos relativos á actividade profesional. Esta información será tratada de maneira confidencial e agrupada de maneira anónima para a súa análise a efectos de realización de estudos do sector

CNAE *

Deseño

Documento acreditativo *

CAT015_Formulario de Registro.docx 134.35 KB

Quitar

Pertences actualmente a algún destes axentes? *

Cluster Audiovisual Galego (Clag)

Año última facturación *

2018

Última facturación *

< 20.000 €

A facturación respecto ao ano pasado *

Diminuído

Cantos empregados son en plantilla? *

3

Cantos homes? *

1

Cantas mulleres? *

2

Cantos son deseñadores? *

1

Cantas son deseñadoras? *

2

Ciclo Formativo de Grao Superior *

0

Grado universitario *

0

Máster *

0

Doutoramento *

0

Gardar e enviar

Información comercial

Termos e Condicións de Uso

Xacobeo 2021

XUNTA DE GALICIA

gain

Os datos que se recollen neste bloque son:

- **Código CNAE de actividade***
- **Documento acreditativo***, pdf de certificado tributario ou que acredita estar dado de alta no IAE
- **Pertences actualmente a algún destes axentes?***, despregable coas seguintes opcións
 - Asociación Galega de Deseño (DAG)
 - Cluster Comunicación de Galicia
 - Cluster Audiovisual Gallego (CLAG)
 - Clúster TIC Galicia
 - Clúster Textil Moda Galicia (COINTEGA)
 - Colegio oficial de Deseñadores de Interior /Decoradores de Galicia
 - Outros (sinalar):
 - Ningún
- **Ano última facturación***, despregable cos anos 2018, 2019 e 2020
- **Última Facturación***, despregable cos seguintes valores:
 - < 20.000 €
 - 20.000 € a 60.000 €
 - 60.000 € a 150.000 €
 - 150.000 €
- **A facturación respecto ao ano anterior***, selector único cos seguintes valores:
 - Aumentou
 - Disminuíu
 - Mantívose
- **Cantos empregados son en plantilla?***, selector numérico
- **Cantos homes?***, selector numérico
- **Cantas mulleres?***, selector numérico
- **Cantos son deseñadores?***, selector numérico
- **Cantas son deseñadoras?***, selector numérico
- **Ciclo Formativo de Grao Superior***, selector numérico
- **Grao universitario***, selector numérico
- **Máster***, selector numérico
- **Doutorado***, selector numérico



Bloque Información comercial

Neste espazo engádese a información comercial da empresa (descripción, servizos que ofrece e proxectos realizados, entre outra) que será visible por todos os usuarios/as desde a parte pública do portal web

Mapa do portal Accesibilidade Contacte Galego Castellano

Mapa de Provedores de Servizos de Deseño gain XUNTA DE GALICIA

Inicio Mapa Buscador de servizos A miña conta Cerrar sesión

Ver Editar

Registro

Datos xerais

Información da empresa

Información comercial

Por favor, cumprimente os seguintes datos necesarios para a ficha de presentación no catálogo

Descrición da compañía *

Este é a descrición da compañía

Logotipo da compañía *

Captura.PNG 5.99 KB

Quitar

Tipo de organización *

Freelance

Servizos que ofrece

☐ Deseño gráfico e comunicación visual

☒ -Identidade Corporativa -Marca-Branding

☐ -Imaxes gráficas (cartais)

☐ -Tipografía

☐ -Deseño publicitario e promocional -campañas publicitarias

☐ -Infografías

☐ -Envases e embalaxe gráfica -Packaging

☐ -Gráfica aplicada

☐ -Deseño editorial

☐ Consultoría estratéxica de deseño

☐ -Consultoría de deseño

☐ -Deseño de servizos

☐ -Design thinking

☐ -User Experience (UX)

☐ -Deseño estratéxico

☐ -Consultoría e co-deseño -escolomación

☐ -Human Centered Design (HDC)

☐ -Protección do deseño-propiedade intelectual e industrial

☐ -Visual Thinking

☐ Deseño de espazos

☐ -Animación virtual

☐ -Deseño dixital -Web

☐ -Gráfica audiovisual

☐ -Deseño de xogos

☐ -Infografía 3D

☐ Deseño industrial e de produto

☐ -Automoción e outros

☐ -Equipamento de ocio

☐ -Equipamento e mobiliario urbano

☐ -Equipamento doméstico

☐ -Envases e embalaxe estrutural

☐ -Aparatos electrónicos

☐ -Mobiliario

☐ -Iluminación

☐ -Obxectos promocionais

☐ Deseño de moda

☐ -Deseño textil

☐ -Deseño de complementos

Años de experiencia profesional

2 ou menos

Fotografías de traballos realizados/caos de éxito

Mostrar pesos de fila

Título	Estado	Operacións
Bolsas	Publicado	Editar Quitar
Outro	Publicado	Editar Quitar
Etiquetas	Publicado	Editar Quitar
Otro que tal	Publicado	Editar Quitar

Ten engadidos 4 dos 6 permitidos.

Engadir novo

Portfolio de proxectos

Examinar... No se ha seleccionado ningún arquivo.

Requisitos para a subida

[Gardar e enviar](#)

Termos e Condicións de Uso



Os datos que se recollen neste bloque son:

- **Descrición compañía***, texto de aprox. 150 palabras nun párrafo.
- **Logotipo da compañía***, arquivo png, gif, jpg ou jpeg dun máximo de 2MB e anchura de 390 píxeles. O equipo de coordinación do mapadesenogalego.gal resérvase o dereito de redimensionar a imaxe para optimizar a súa visualización.
- **Tipo de organización***, selector único cos valores Freelance e Empresa
- **Servizos que ofrece***, selector múltiple no que o usuario poderá seleccionar o seu ámbito de traballo. Consulte no **Anexo I a taxonomía de servizos e as súas descrições**
- **Anos de experiencia profesional**
- **Traballos realizados/casos de éxito***, onde o usuario poderá rexistrar un máximo de 6 proxectos cada un deles cun máximo de 6 imaxes
 - **Título***
 - **Cliente**
 - **Data**
 - **Descrición***, cun máximo 300 palabras
 - **Imaxes***, o usuario poderá introducir entre 1 e 6 arquivos de tipo png, gif, jpg ou jpeg dun máximo de 2MB. Engádese a continuación indicacións detalladas da introdución de proxectos e imaxes asociadas
- **Portfolio de proxectos**, onde poderá subir un dossier en formato txt, doc, docx ou pdf dun máximo de 2MB, con información dos proxectos realizados



Bloque Información comercial- Alta Proxectos

Para dar de alta un proxecto (Traballos realizados/casos de éxito) deberá engadir a información e as imaxes (entre 1 e 6), tendo en conta que **a primeira que engada será a que se visualice na súa ficha.**

O proceso de alta será o seguinte:

1. Premer no botón “Engadir novo”
2. Cumprimentar os datos
3. Engadir imaxes (ver detalles na seguinte páxina)
4. Premer no botón “Create”



NOTA: As imaxes e proxectos que seleccione deberán corresponderse coas categorías seleccionadas. Estas imaxes, así como o contido do seu portfolio será a ferramenta a utilizar pola plataforma para validación das categorías seleccionadas.

The screenshot shows a web form for adding a new project. It is divided into several sections:

- Section 1:** A header "Fotografías de traballos realizados/casos de éxito" and a status "Ten engadidos 0 dos 6 permitidos." with a green button labeled "Engadir novo".
- Section 2:** A form titled "Ten engadidos 4 dos 6 permitidos." containing fields for "Título" (with a red asterisk), "Cliente", "Data do proxecto" (with a date picker set to 03 / 07 / 2019), and "Descrición" (with a red asterisk).
- Section 3:** A section titled "Imaxe" with a sub-header "Engadir un arquivo novo" (with a red asterisk). It includes a file selection button "Examinar..." and a message "No se han seleccionado archivos." with a link "Requisitos para a subida".
- Section 4:** A green bar at the bottom with two buttons: "Create" and "X Cancelar".

Four blue arrows with numbers 1, 2, 3, and 4 point to the corresponding sections of the form.

Bloque Información comercial- Introducción de imaxes

As imaxes que engada colocaranse de forma adaptativa enchendo **o espazo ao ancho da pantalla (1170 píxeles)**, é dicir, as imaxes independentemente da súa altura colocaranse automaticamente para ocupar todo o ancho sin deixar ocos entre as filas.

!! *Para evitar distorsión das imaxes na visualización **recomendámoslle que as imaxes teñan sempre un ancho de 390 píxeles***

Algúns exemplos do Layout con imaxes de anchura 390 píxeles en función da orde de subidas son:




!! *Unha vez subidas as imaxes comprobe como se visualizarán accedendo ao proxecto na pestana Ver, editando e recolocando as imaxes.*




Bloque Información comercial- Colocación de imaxes

Para comprobar como se visualizarán as imaxes acceda ao proxecto na pestana “Ver”, premendo no proxecto que desexe e seleccione a pestana “Editar”, desde onde poderá recolocar as imaxes ata atopar a disposición desexada e ir previsualizando os cambios antes de facelos definitivos



Modifique a orde de colocación das imaxes picando no selector de imaxe e arrastrándoa á posición desexada

Previsualice a disposición das imaxes prema “Gardar” cando remate.



ANEXO 1- Servizos

Os tipos de Servizos de Deseño que se presentan no Mapa de Provedores de Servizos de Deseño recóllense na seguinte taboa:

DESEÑO GRÁFICO E COMUNICACIÓN VISUAL	DESEÑO DIXITAL	DESEÑO ESTRATÉXICO	DESEÑO INDUSTRIAL E DE PRODUTO	DESEÑO DE ESPAZOS	DESEÑO DE MODA
1. Branding 2. Deseño publicitario 3. Infografías 4. Envase e embalaxe gráfico-Packaging 5. Deseño Editorial 6. Ilustración	1. Deseño gráfico sitio web 2. Deseño de interface para app 3. Campaña dixital 4. Deseño de interface para videoxogos 5. Infografías 3D	1. Design Thinking 2. Deseño de servizos 3. Deseño de futuros 4. Deseño para a economía circular 5. Protección do deseño- propiedade intelectual e industrial. 6. Outros	1. Automoción e outros 2. Equipamento de lecer 3. Equipamento e mobiliario urbano, iluminación e/ou sinalización 4. Equipamento doméstico 5. Envase e embalaxe estrutural 6. Aparellos electrónicos 7. Mobiliario 8. Iluminación 9. Obxectos promocionais 10. Covid 11. Outros sociais	1. Escaparatismo 2. Deseño de espazos efémeros (stands) 3. Deseño de espazos comerciais 4. Exposicións e museos 5. Deseño urbano	1. Deseño téxtil 2. Deseño de complementos



DEFINICIÓN DAS CATEGORÍAS DE DISCIPLINAS E ACTIVIDADES DO DESEÑO.

DESEÑO GRÁFICO E COMUNICACIÓN VISUAL

1. **Branding:** Actividades que inclúen o deseño de logo ou marca gráfica; o deseño do sistema de identidade corporativa dunha entidade, así como a tipografía.
2. **Deseño publicitario:** Actividades relacionadas coa creación de anuncios ou campañas en prensa gráfica; folleto ou conxunto de folletos promocionais ou publicitarios e/ou anuncio para campañas na vía pública.
3. **Infografías:** Deseño visual de diagramas e imaxes por medio de procedementos informáticos que resume ou explica un ou varios conceptos.
4. **Envase e embalaxe gráfico-Packaging:** Creación da liña gráfica e elementos comúns (logos, imaxes, cores, textos, etiquetas,etc) que deben ser incluídos no envase e embalaxe dun produto.
5. **Deseño Editorial:** Actividades que inclúen o deseño de diarios, revistas ou medios impresos; deseño de libros de texto (literatura, colección de libros, etc.); deseños de libros ilustrados (coffee table book, enciclopedia, colección de manuais escolares, etc.); folletos paxinados (institucional, informativo, memoria e balance, etc.) e/ou cubertas de libro.
6. **Ilustración:** Actividades aplicadas á comunicación publicitaria ou promocional; proxecto editorial; packaging; indumentaria, produtos, murais e outras aplicacións e/ou o deseño de personaxes (character design).



DESEÑO DIXITAL

1. **Deseño gráfico sitio web:** Planificación, deseño da arquitectura e estudo da interacción dunha web en base a criterios de experiencia de usuario (UX, User Experience) e deseño gráfico da interface na web (UI, User Interface).
2. **Deseño de interface para app:** Planificación, deseño da arquitectura e estudo da interacción de apps en base a criterios de experiencia de usuario (UX, User Experience) e deseño gráfico da interface do usuario na app (UI, User Interface).
3. **Campaña dixital:** Actividades relacionadas coa planificación de medios e deseño de elementos necesarios para o desenvolvemento de campañas dixitais: banners, landing pages, redes sociais, emailings, etc.
4. **Deseño de interface para videoxogos:** Creación de contido, imaxes e regras dun videoxogo e de calquera sistema interactivo recreativo.
5. **Infografías 3d:** Creación de imaxes en 3d con calidade fotorrealista de gran impacto visual, empregando gráficos por ordenador.



DESEÑO ESTRATÉXICO:

1. **Design thinking:** Metodoloxía de innovación que ten como obxectivo deseñar ou redeseñar produtos, procesos ou servizos de maneira eficiente e sempre poñendo ao usuario no centro. A metodoloxía Design Thinking empatiza, define, idea, prototipa e testea.
2. **Deseño de servizos:** Metodoloxía de deseño que, mediante unha mirada holística e un proceso colaborativo e empático, planifica accións que agregan valor e innovación aos servizos mellorando a experiencia dos usuarios en cada interacción nunha contorna omnicanal.
3. **Deseño de futuros:** Metodoloxía de proxección de escenarios de futuro para a ideación, tendo moi presente o concepto de wicked problems (problemas de difícil solución) como punto de partida.
4. **Deseño para a economía circular:** Desenvolvemento de produtos que considera e incorpora variables medioambientais como criterio en todo o seu proceso, desde a súa concepción ata a eliminación do mesmo.
5. **Protección do deseño-propiedade intelectual e industrial:** Protección xurídica dos dereitos de autor (copyright) e/ou patentes, deseños industriais, marcas, etc...
6. **Outros:** Marcaranse outras metodoloxías innovadoras e disciplinas pertencentes ao deseño estratéxico.



DESEÑO INDUSTRIAL E DE PRODUTO

1. **Automoción e outros:** Refírese ao deseño integral, estético e estrutural dun automóbil e outros medios de transporte.
2. **Equipamento de lecer:** Deseño funcional e estético de produtos destinados para actividades de ocio e tempo libre.
3. **Equipamento e mobiliario urbano, iluminación e/ou sinalización:** Deseño de pezas e obxectos instalados na vía pública para uso da sociedade que responda a criterios estético-funcionais.
4. **Equipamento doméstico:** Deseño de instrumentos para as tarefas domésticas, principalmente electrodomésticos.
5. **Envase e embalaxe estrutural:** Estudo da integridade dos materiais en función da natureza do produto, ergonomía, comportamentos ante cambio de humidade, presión e temperatura e dos riscos na súa distribución. Aborda tamén as áreas de produción do envase e embalaxe, impresión e troquelado.
6. **Aparellos electrónicos:** Desenvolvemento, transformación e deseño de produtos e instrumentos dentro do campo da electrónica.
7. **Mobiliario:** Deseño de obxectos decorativos e de uso que forman parte dun ambiente cun fin estético e funcional.
8. **Obxectos promocionais:** Deseño de artigos personalizables que se empregan para accións de marketing e comunicación.
9. **Covid:** Deseños industriais desenvolto para a protección do COVID - 19 (máscaras, desinfectantes de xel, EPIs, pictogramas, símbolos gráficos e ornamentacións para informar sobre o COVID-19, luvas, equipos de desinfección, dispositivos innovadores de prevención, etc...).
10. **Outros sociais:** Deseño de produto para o beneficio social, para persoas con capacidade reducida ou causas humanitarias.



DESEÑO DE ESPAZOS

1. **Escaparatismo:** Arte de organizar e compoñer espazos tridimensionais de exposición de produtos nun establecemento para que resulten atraíntes ao público.
2. **Deseño de espazos efémeros (stands):** Proxección, organización e composición de espazos que teñen unha duración limitada coma os stands de exposicións.
3. **Deseño de espazos comerciais:** Proxección de espazos diferenciadores relacionados coa identidade dunha marca orientados a influír na experiencia e no proceso de compra dos clientes.
4. **Exposicións e museos:** Proceso planificado de organización e concepción de espazos destinados a exposicións culturais que require atraer ás persoas a través de todos os seus sentidos.
5. **Deseño urbano:** Interpretación, planificación e deseño do espazo público con todos os seus elementos, en base a criterios físicos, estéticos e funcionais, que supoña o correcto funcionamento público e a súa integración na trama urbana.

DESEÑO DE MODA

1. **Deseño téxtil:** Indumentaria, coleccións/series, vestuario, patróns, texidos e materiais.
2. **Deseño de complementos:** Complementos e accesorios como calzado, bolsos, sombrerería e/ou tocados e xoiería.





Para calquera aclaración
ou comentario contacte
connosco en:

email: programadeseno.gain@xunta.gal

Teléfono: 881 999 120